

REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Aprobado en Consello de Goberno o 28 de maio de 2004)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento pretende implantar, para todos os estudos impartidos pola Universidade da Coruña, conducentes á obtención dun título oficial de validez en todo o territorio nacional, o sistema de compensación de cualificacións.

A existencia de Tribunais de Compensación goza xa dunha ampla traxectoria nas universidades españolas. A súa xustificación académica vese reforzada nos nosos días pola positiva e progresiva implantación da avaliación curricular no conxunto de etapas e niveis educativos.

A avaliación curricular constitúe, por tanto, o fundamento dos Tribunais de Compensación. Estes intentan dar resposta a certas situacións académicas excepcionais que impiden ao estudante obter o título a que aspira debido á non superación dalgúns créditos ou dunha materia. A súa finalidade é xulgar o labor realizado polo estudante durante todos os seus anos de estancia na universidade, permitindo decidir se, en conxunto, está en posesión dos suficientes coñecementos e competencias profesionais para obter o título a que opta.

A creación de Tribunais de Compensación ten a súa fundamentación legal no principio de liberdade académica das universidades (artigo 2.3 da Lei orgánica 6/2001 de universidades, de 21 de decembro), comprendendo a autonomía universitaria "a admisión, réxime de permanencia e verificación dos coñecementos dos estudantes" (artigo 2.2.f da mesma lei).

ARTIGO 1. **REQUISITOS**

Concederase a avaliación por compensación aos estudantes da Universidade da Coruña que cumpriren todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Que, matriculados en calquera titulación oficial cursasen, polo menos, o 50% desta na Universidade da Coruña.
- Que só lles reste 1 materia para finalizar os estudos da titulación correspondente, coa excepción do Proxecto de Fin de Carreira, *Practicum* e Prácticas Clínicas e non transcorrera máis dun ano desde a última convocatoria suspensa.
- Que esgotaran, como mínimo, cinco convocatorias da materia que solicitan compensar.
- Que a nota media do seu expediente académico sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.
- Que estean matriculados na materia en que solicitan compensación, sempre que a normativa vixente llo permita.

ARTIGO 2. **LÍMITES DA SOLICITUDE**

Con independencia dos requisitos establecidos no artigo 1, a avaliación por compensación estará suxeita ás seguintes limitacións:

- a. A avaliación por compensación unicamente poderá concederse unha vez. O estudante ao que se lle concedese a avaliación por compensación nunha titulación, non poderá solicitar de novo avaliación por compensación para rematar ningunha outra titulación.
- b. Non serán obxecto de compensación o *Practicum*, as Prácticas ou Estancias Clínicas, nin o Proxecto de Fin de Carreira.
- c. Non se lles poderá conceder a compensación a aqueles alumnos aos que lles conste algunha sanción no seu expediente académico.
- d. En ningún caso se poderán realizar probas de exame ao alumno implicado.
- e. Poderán compensarse materias obrigatorias, troncais e optativas.
- f. Aqueles estudantes procedentes doutras universidades aos que xa se lles teña concedido a avaliación por compensación curricular na súa universidade de procedencia non poderán solicitala de novo na Universidade da Coruña.

- g. Cando se acceda a un segundo ciclo desde un primeiro ciclo con título terminal en que xa se efectuase a compensación dunha materia, non se terá dereito a outra solicitude.

ARTIGO 3. **ÓRGANO DE RESOLUCIÓN**

- Todos os centros da Universidade da Coruña contarán cun Tribunal de Compensación.
- O Tribunal de Compensación é un órgano de carácter académico constituído nos centros por acordo do Consello de Goberno co obxectivo de xulgar, por petición do estudante interesado e de acordo coa presente normativa, a aptitude global para recibir o título oficial correspondente.
- O Tribunal de Compensación de cada centro estará formado por:
 - Presidente: decano, director ou vicedecano ou subdirector.
 - Secretario: secretario do centro.
 - Tres vogais profesores: profesores numerarios pertencentes aos corpos docentes universitarios. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia en materias troncais ou obrigatorias da titulación ou titulacións impartidas no centro, a razón dun profesor por área.

- Un vogal membro do persoal de administración e servizos adscrito ao centro.
- Un vogal alumno: estudante de primeiro ou segundo ciclo.
- Os vogais titulares e os seus suplentes serán elixidos pola Xunta de Centro de entre os seus membros no primeiro mes do ano académico, renovándose anualmente.
- Non poderán formar parte do tribunal para ese suposto aqueles profesores que interviñeran na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar.
- No caso de o centro impartir máis dunha titulación, e se a Xunta de Centro o estimar oportuno, poderá ser nomeado un tribunal distinto para cada unha delas.

ARTIGO 4. **CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL**

- O tribunal quedará validamente constituído, logo de orde do seu presidente e convocatoria por escrito, se asistiren, cando menos, dous terzos dos seus membros, entre os que deben estar necesariamente o presidente e o secretario. De non se acadar o quórum necesario, constituirase validamente media hora despois en segunda convocatoria, sempre que estean presentes o presidente, o secretario e dous vogais. En

caso contrario, celebrárase nova reunión no prazo de 48 horas.

- Os membros do tribunal que non acudan deberán xustificar de xeito adecuado e por escrito a súa inasistencia.
- O tribunal deberase reunir como mínimo dúas veces ao ano, coincidindo coas convocatorias oficiais de exames de fin de carreira e coa finalización do curso académico. Ademais, o tribunal poderá ser convocado cando o seu presidente o considerar necesario.

ARTIGO 5. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN

- A solicitude de avaliación por compensación irá dirixida, mediante instancia, ao decano ou director do centro, dentro do prazo de 15 días hábiles contados a partir do remate do prazo de entrega das actas das convocatorias oficiais de exames de fin de carreira e setembro.
- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a administración do centro, comprobado o establecido nos artigos 1 e 2 do presente regulamento, farao constar mediante dilixencia do secretario do centro, remitindo estas solicitudes, acompañadas de copia do expediente académico do estudante, ao presidente do tribunal.

- O tribunal de compensación deberá resolver no prazo máximo dun mes contado a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

- O tribunal examinará todas as solicitudes presentadas. Se o estudante solicitante reunir todos e cada un dos requisitos necesarios e á súa solicitude non lle for de aplicación ningunha das limitacións establecidas no artigo 2 do presente regulamento, concederáse a compensación da materia solicitada. En caso contrario, denegarase a solicitude. En ambos os casos, o secretario estenderá unha acta en que conste a resolución, que será asinada por todos os membros do tribunal validamente constituído.

- As decisións do tribunal de compensación deberán ser comunicadas por escrito ao alumno e publicadas no taboleiro de anuncios do centro para coñecemento público.

- Contra o acordo do tribunal denegando a compensación cabe recurso de alzada ante o reitor, no prazo dun mes desde a notificación. A resolución do reitor, que deberá resolver no prazo dun mes, esgota a vía administrativa.

ARTIGO 6. **EFFECTOS ACADÉMICOS**

- O aprobado por compensación terá a equivalencia de aprobado e figurará no expediente do estudante como

recoñecemento con cualificación de:
"aprobado por compensación".

- Para os efectos de baremación do expediente e cálculo da nota media computarán as convocatorias esgotadas.

- As materias compensadas non poderán ser obxecto de validación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

- O presente regulamento poderá aplicarse nos centros adscritos logo de ratificación polos seus órganos de goberno.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

- Ata o curso académico 2005-2006, inclusive, poderanse admitir a trámite as solicitudes de estudantes aos que só lles reste unha materia para remataren os estudos da titulación correspondente, aínda que transcorrese máis dun ano desde a última convocatoria suspensa.

DISPOSICIÓN FINAL

- O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

